

Comunicación sobre proxectos de Apoio á Produción Cinematográfica, febreiro 2026 - 6%

Santiago, 10.02.2026

Dando cumprimento á resolución da Dirección Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia do 29 de setembro de 2025 relativa ao procedemento de presentación de proxectos de producións audiovisuais de interese, de entre os proxectos recibidos nos últimos meses, a Comisión Directiva de Avaliación de Proxectos de Apoio á Produción Cinematográfica da CSAG acordou participar en 6 das 31 propostas recibidas: 21 proxectos cinematográficos, 1 longametraxe de animación e 9 longametraxes documentais.

As 6 propostas seleccionadas corresponden aos seguintes proxectos:

Dúas *operas primas* con marcado acento galego que significarán o debut na ficción dos seus directores: Unha coprodución con Portugal, *A nadadora*, de Sandra Sánchez, a directora da longametraxe documental *Tralas luces*, premiada co Mestre Mateo no 2011; e *A morte nos teus ollos*, un *thriller* inspirado en feitos reais, de Guillermo de Oliveira, director do documental *Desenterrando Sad Hill*, premiado en Sitges 2018.

Unha longametraxe de animación en coprodución con Colombia, *Mu-ki-ra*, que destaca pola súa estética colorista e co selo de Abano Producións.

E, por último, tres longametraxes documentais: *Hoxe e o resto do mundo*, unha proposta autoral e intimista sobre a figura de Isaac Díaz Pardo, outra proposta de carácter divulgativo científico, *Rumbo ás estrelas*, da produtora Meteórica Cine e unha orixinal investigación detectivesca que relata as viaxes de Greene pola Península Ibérica.

A comisión directiva de apoio ás producións cinematográficas acordou así a participación da CSAG nos seguintes proxectos cinematográficos:

A Nadadora, de Setembro Cine, S.L.U.

A Nadadora é un *coming of age* ambientado na década dos 90 na Costa da Morte, onde vive Nico, que planea fuxir da vila para sempre. Pero todo parece virse abaixo cando descobre que o seu pai lle roubou os cartos que tiña aforrados. Nese momento aparece na praia unha rapaza nadando case espida en pleno inverno. E aí créase un estraño vínculo que cambiará a vida de Nico.

O proxecto é unha coprodución internacional que dispón dun plan financeiro construído sobre as axudas de AGADIC, ICAA e CREA-MEDIA, reforzado ademais cun acordo de distribución internacional.

Na ficha artística figuran nomes tan recoñecidos como Diego Anido, Melania Cruz, Lucía Veiga, Federico Pérez Rey.

O proxecto é a primeira incursión de Sandra Sánchez na ficción como directora e guionista, e está liderado pola produtora executiva Fernanda del Nido.

Proposta de achega por parte da CSAG: 110.000.-€

A morte nos teus ollos, de Sétima, Sociedade Cooperativa Galega.

Trátase do debut cinematográfico de Guillermo de Oliveira, cunha ampla traxectoria como director de curtametraxes, que nos achega agora un filme de suspense, premiado como mellor proxecto internacional no MIA Market de Roma 2024.

O *thriller*, inspirado en feitos reais, achega a historia de dous policía corruptos que planean un atraco perfecto. Os acontecementos non saen como esperaban e a traxedia está servida.

Con rodaxe no municipio de Nigrán.

O proxecto constrúese co apoio de AGADIC, ICAA, a participación de Atresmedia Cine, S.L.U., e os acordos de distribución de The Walt Disney Company Iberia, S.L.U e a colaboración da Deputación de Pontevedra.

Proposta de achega por parte da CSAG: 130.000.-€

Mu-ki-ra. Abano Producións, S.L.

Mu-ki-ra é unha increíble aventura musical que transcorre na selva multicolor e pon o foco no valor da diversidade, a empatía e o amor.

Nunha terra axexada por monstros feitos de vexetación, Cleo, unha nena de trece anos, enfrontarase ao seu peor pesadelo cando Martín, o seu irmán pequeno, é atrapado por un deles. Coa axuda de Lolo, unha anciá máxica, e unha divertida osa formigueira, Cleo mergullarase no profundo da selva para atrapar a Mukira, o monstro que levou a Martín.

Un proxecto de animación cunha rica estética visual que crea un universo propio de gran atractivo e orixinalidade.

Trátase dunha coprodución internacional con Colombia que se constrúe sobre a base dos apoios de AGADIC e o ICAA, Ibermedia e fondos de Colombia e cun contrastado potencial no circuito internacional de festivais especializados.

Destaca a estratexia inclusiva cunha dobraxe que propicia a participación de nenos de diferentes etnias.

Proposta de achega por parte da CSAG: 80.000.-€.

Hoxe e o resto do día. Matriuska Producciones, S.L.

Esta película documental propón unha viaxe a través das innumerables fazañas dun personaxe único e irrepetible, como foi Isaac Díaz Pardo que, por un momento, logrou cambiar a historia de Galicia colocándoa no mapa internacional da arte, o deseño, a industria e o pensamento de vangarda.

O valor diferencial deste percorrido é que vén da man do seu círculo máis íntimo e nos permite seguir a estela da súa peripecia vital, repleta de luces e sombras a ambos lados do Atlántico.

A CSAG participará achegando valiosas imaxes de arquivo neste proxecto de divulgación cultural, que conta xa co apoio de AGADIC e o ICAA.

Proposta de achega por parte da CSAG: 30.000.-€

Rumbo ás estrelas. Meteórica Cine, S.L.

Despois de *O gran camiño*, chega esta proposta centrada nun acontecemento que pode cambiar o rumbo da historia: Unha viaxe ao espazo na que Begoña Vila, a científica galega da NASA que participa nunha ambiciosa misión destinada a responder a pregunta máis antiga da humanidade: Estamos sós no universo?

O documental *Rumbo ás estrelas* permitiranos entrar de cheo na NASA acompañando os enxeñeiros nas probas máis críticas, no lanzamento do telescopio e no momento en que o Nancy Grace Roman envíe as primeiras imaxes de planetas habitables.

Proposta de achega por parte da CSAG: 20.000.-€

Looking for the third man. Graham Greene en España e Portugal. Arraianos producións, S.L.

Con Carlos Villar descubriremos a parte máis descoñecida da biografía de Greene: as viaxes que realizou pola Península entre 1976 e 1989.

Unha divertida *road movie* que nos leva polos itinerarios que percorreron Greene e o seu amigo Leopoldo Durán, indagando sobre as súas motivacións e recuperando materiais de arquivo, fotografías, cartas e diarios xunto coas anécdotas das quixotescas andanzas destes protagonistas.

Proposta de achega por parte da CSAG: 20.000.-€